



BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO ENTERRO DA SARDIÑA 2.018

O Concello de Outes, a través da concellaría de cultura e deportes, convoca o concurso de disfraces para celebrar o enterro da sardiña, festa de grande tradición no noso concello. Este evento terá lugar o mércores 14 de febreiro de 2018 polas rúas principais da Serra de Outes.

- 1. Participantes:** Poderán inscribirse todas as persoas interesadas, asociacións, grupos culturais, veciñais,... que o desexen.
- 2. Inscripcións:** Pode facerse o mesmo día (14 de febreiro) de 16:00 a 17:00 horas no colexio público da Serra ou chamando ao teléfono 629 876 814. O número da orde das comparsas e dos disfraces que formarán o desfile asignarase segundo a inscrición e antes do comezo do desfile.
- 3. Modalidades:** Infantís, individuais, grupos e comparsas.

Infantís: Poden participar 1 ou 2 nenos/as ata os 12 anos de idade.

Individuais: Poden inscribirse nesta modalidade 1 ou 2 persoas, sen límite de idade.

Grupos: Poden participar grupos de persoas dun número variable entre 3 e 8.

Comparsas: Competirán grupos de 9 ou máis persoas.

4. Premios:

Infantís:	1º-60 €	2º-40 €	3º-30 €	4º-30 €	5º-30 €
Individuais:	1º-230 €	2º-160 €	3º-60 €		
Grupos:	1º-400 €	2º-260 €	3º-120 €		
Comparsas:	1º-800 €	2º-510 €	3º-240 €		

- 5. Xurado e cualificacións:** A cualificación das comparsas e disfraces comezará ás cinco da tarde e será determinada polo xurado do concurso, que estará composto por un/unha representante do concello de Outes, un/unha representante do colexio público de Outes e outro/a do Instituto Poeta Añón, un/unha representante da Asociacións de Pais e Nais de alumnos/as do colexio do CEIP de Outes e un/unha representante da Asociación de Amas de casa de Outes.
En total serán 5 os/as representantes ou compoñentes do xurado, que valorarán a orixinalidade, o traballo, a posta en escena, a animación e esmorga, etc., .
- 6. Lugar:** A concentración e desfile das comparsas e disfraces, diante do xurado, será no polideportivo municipal da Serra de Outes.
- 7. Desfile:** A saída do cortexo fúnebre encabezada pola Sra. Sardiña e as súas choronas comezará ás seis e media da tarde, percorrendo as rúas da Serra de Outes ata chegar á praza do Bosque, onde se fará a entrega de premios ás persoas galardoadas. Alí terá lugar a tradicional degustación do delicioso chocolate con biscoitos.

Para dar por rematado o Entroido do 2018, prenderáselle lume á sardiña.